

BENESTAR EN BALNEARIOS 2022 (PROCEDIMENTO BS607A)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Persoas destinatarias

- a. Ser maior de 60 anos, ou de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b. Estar empadroada e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Valerse por si mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- d. Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f. Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

Quendas

As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa e comprenderán desde as 12:00 h. do día de chegada ata as 12:00 h. do día de saída.

O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o **1 de novembro e o 17 de decembro do ano 2022**.

Prazo de presentación das solicitudes

Ata o 24 de outubro de 2022

Lugar de presentación

Preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, para o que é preciso o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Máis información

Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfono: 981504029/00 Extensión 1

Teléfono social: 900 333 666